



**CONCELLO DE VIGO  
CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE SETEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:45 horas do día 28 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o mesmo día, para tratar o asunto da orde do día que figura na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:**

D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Jesús Núñez Torrón

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar o punto incluído na **orde do día**:

**1.- Proposta de adjudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:50	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94D-5CDCA4-D7B53E-7T9TSB-BCZ497-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- En data 15 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación dos servizos de axuda no fogar (expediente 121.736-301).

Segundo.- A Xunta de Goberno local do 23 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo de axuda no fogar (121.736-301) na seguinte orde decrecente:*

<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL</b>
CLECE, SA	97,25
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	83,54
OHL SERVICIOS INGESAN SA	9,22

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.602,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado o 23 de setembro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, SA, que presenta a documentación requirida o 28 de setembro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de setembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE, SA.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE LA ACCION SOCIAL por non ter declarado a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

2º.- Adxudicar a CLECE, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) por un prezo de total de 18.079.556,53 euros e un prezo unitario de 14,07 euros (IVE incluído). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:50	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94D-5CDCA4-D7B53E-7T9TSB-BCZ497-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

oferta presentada.”

AFL

Vigo, 28 de setembro de 2016  
O presidente da Mesa de Contratación

David Regades Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:50	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94D-5CDCA4-D7B53E-7T9TSB-BCZ497-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		